

ACTA**Expediente nº:**

JGL/2026/27

Órgano Colexiado:

A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN**Tipo Convocatoria**

Ordinaria

Data

09 de xullo de 2026

Duración

Dende as 13:05 ata as 13:25 horas

Lugar

Sala de Reunións

Presidida porPaula M^a Fernández Pena**Secretaria**

David García Lareo (Decreto 2026-0643)

ASISTENCIA A SESIÓN**Nome e Apelidos****Asiste**

Estefanía Taín Surribas

SÍ

Manuel Requeijo Rey

SÍ

María Asunción García Hernández

SÍ

Mónica González Conde

SÍ

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, a Presidenta abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA**Aprobación da acta da sesión anterior: 06.07.2026****Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento**Concello de Silleda**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 06 de xullo de 2026.

Expediente 793/2026. CONVENIO DE COLABORACIÓN NENTRE O EXMO. CONCELLO DE SILLEDA E A ENTIDADE SOLIDARIDAD INTERGENERACIONAL PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DESTINADAS Á MELLORA DA CALIDADE DE VIDA DAS PERSOAS MAIORES, PERSOAS CON DISCAPACIDADE, FAMILIAR E MULLERES DO MEDIO RURAL, FAVORECENDO A SÚA INCLUSIÓN SOCIAL.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da educadora social, con data 14 de maio 2026, no que se indica a necesidade de buscar recursos para a acción comunitaria no ámbito das persoas maiores e valorando como positiva a sinerxia co terceiro sector para a cobertura destas necesidades. No mesmo informe se indica procedente o establecemento de mecanismos de cooperación coa ONG *Solidariedad Intergeneracional*.

Visto o informe xurídico, con data 02 de xullo de 2026.

Visto o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Silleda e Solidaridad Intergeneracional para este ano 2026:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN NENTRE O EXMO. CONCELLO DE SILLEDA E A ENTIDADE SOLIDARIDAD INTERGENERACIONAL PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DESTINADAS Á MELLORA DA CALIDADE DE VIDA DAS PERSOAS MAIORES, PERSOAS CON DISCAPACIDADE, FAMILIAR E MULLERES DO MEDIO RURAL, FAVORECENDO A SÚA INCLUSIÓN SOCIAL.

En Silleda, na data da sinatura electrónica.

REUNIDOS

Dunha parte, Dª Paula María Fernández Pena, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Silleda, con CIF P3605200I, actuando en nome e representación da devandita entidade local, en exercicio das competencias atribuídas pola normativa de réxime local.

E doutra, Dª Ana Isabel Esteban Martínez, Presidenta da entidade Solidaridad Intergeneracional, con CIF G-49225980, actuando en nome e representación da mesma, en virtude das facultades atribuídas polos seus estatutos.

Ambas as partes, recoñecéndose mutuamente capacidade legal suficiente para subscribir o presente convenio,

EXPOÑEN

I

Que o Excmo. Concello de Silleda, no exercicio das competencias propias atribuídas polos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, e en cumprimento dos principios de atención á cidadanía, cohesión social, igualdade de oportunidades e promoción do benestar social, considera de interese público colaborar con entidades sen ánimo de lucro que

desenvolvan actuacións de carácter social dirixidas ás persoas maiores, persoas con discapacidade, familiares coidadores e mulleres, especialmente no medio rural e en situación de vulnerabilidade ou risco de exclusión social.

II

Que a entidade Solidaridad Intergeneracional é unha asociación sen ánimo de lucro que desenvolve programas e actuacións orientadas á promoción da autonomía persoal, ao envellecemento activo, á atención á dependencia, á inclusión social e dixital, á formación de persoas coidadoras e á mellora da calidade de vida das persoas maiores, persoas con discapacidade e familias do medio rural, de conformidade cos seus fins estatutarios.

III

Que ambas as entidades consideran conveniente establecer un marco estable de colaboración institucional para o desenvolvemento de actuacións sociais, informativas, formativas e comunitarias dirixidas á mellora das condicións de vida da poboación destinataria, promovendo recursos de proximidade, redes de apoio comunitario e servizos innovadores de atención social.

En consecuencia, as partes acordan subscribir o presente convenio, ao abeiro do disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, conforme ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer un marco de colaboración entre o Excmo. Concello de Silleda e Solidaridad Intergeneracional para o desenvolvemento de programas, actuacións e actividades orientadas a:

- A promoción da autonomía persoal e a prevención da dependencia.*
- O envellecemento activo e saudable.*
- A inclusión social e dixital das persoas maiores e persoas con discapacidade.*
- A formación e apoio a persoas coidadoras.*
- A promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.*
- O desenvolvemento de recursos comunitarios e redes de solidariedade veciñal no medio rural.*

As actuacións poderán comprender, entre outras:

- Mellorar a calidade de vida das persoas maiores e as súas familias, favorecendo a cooperación entre os socios e non socios, coa finalidade de coñecer as necesidades e problemas das persoas maiores e os seus familiares nos diversos puntos xeográficos, traballando de forma moi especial en mellorar, fomentar, promocionar e xestionar cantas actividades, recursos e servizos sexan precisos para que as circunstancias sociais, económicas, sanitarias, culturais, educativas e profesionais, etc., das persoas maiores e as súas familias sexan as máis favorables posibles.

- Incrementar o benestar e a calidade de vida das persoas maiores e os seus familiares a través da prestación de servizos sociais, sendo prioritarios os servizos de apoio a persoas maiores, dependentes, con discapacidade e as súas familias, desde a perspectiva do envellecemento activo e da promoción da autonomía persoal, como da atención á dependencia e aos coidadores principais.

- Favorecer a integración da muller rural no mundo laboral a través da creación de emprego ou o autoemprego para o coidado e atención das persoas maiores, dependentes, persoas con enfermidades crónicas, etc....

- Organizar actividades tendentes a conseguir un maior benestar social e calidade de vida entre os asociados e a poboación rural en xeral, favorecendo a solidariedade interxeracional veciñal que contribúa a paliar o problema crecente da soidade.

- Facilitar a información social e sanitaria, á vez que promover, xestionar e impartir a formación, humana, profesional e técnica que posibilite o emprego ou autoemprego, ou a mellora da calidade no coidado e autocuidado, así como a adquisición de competencias no ámbito cultural, de desenvolvemento persoal, de participación social das persoas maiores e familiares do medio rural, realizando para iso cantas actividades ou accións se consideren necesarias.

As actuacións desenvolveranse de conformidade cos principios de igualdade, accesibilidade universal, inclusión social, non discriminación e atención centrada na persoa.

Segunda. Natureza xurídica

O presente convenio ten natureza administrativa e queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de conformidade co disposto no seu artigo 6, rexéndose polo establecido na Lei 40/2015.

Terceira. Compromisos asumidos por Solidaridad Intergeneracional

Solidaridad Intergeneracional comprométese a:

- Desenvolver as actuacións previstas no presente convenio mediante persoal cualificado e con experiencia profesional adecuada.
- Garantir a correcta execución técnica das actividades.
- Desenvolver as actuacións sen custo para as persoas participantes, agás que especificamente se determine outra cousa mediante acordo expreso.
- Respetar a normativa vixente en materia de protección de datos, igualdade, accesibilidade e prevención de riscos laborais.
- Coordinarse co Concello de Silleda para a adecuada planificación e seguimento das actuacións.

Cuarta. Compromisos asumidos polo Concello de Silleda

O Concello de Silleda comprométese a:

- Facilitar, na medida das súas dispoñibilidades, espazos e instalacións municipais axeitadas para o desenvolvemento das actividades.
- Colaborar na difusión das actuacións obxecto do convenio.
- Apoiar na detección e derivación de persoas beneficiarias.
- Participar nas actuacións de coordinación e seguimento.

A colaboración municipal non implicará a existencia de contraprestación económica.

Quinta. Protección de datos persoais

As partes comprométense ao cumprimento do disposto no Regulamento (UE) 2016/679 e na Lei Orgánica 3/2018.

Os datos persoais aos que poidan ter acceso serán tratados exclusivamente para os fins derivados da execución do

presente convenio, adoptándose as medidas técnicas e organizativas necesarias para garantir a súa confidencialidade e seguridade.

Sexta. Coordinación de actividades e prevención de riscos laborais

As partes comprométense ao cumprimento das obrigas establecidas na Lei 31/1995 e no Real Decreto 171/2004, garantindo a adecuada coordinación en materia preventiva.

Sétima. Financiamento

As actuacións derivadas deste convenio poderán ser financiadas mediante recursos propios das entidades asinantes, subvencións públicas ou achegas de entidades colaboradoras públicas ou privadas.

A subscrición do presente convenio non implica por si mesma obrigas económicas directas para o Concello de Silleda, salvo que se formalicen mediante os correspondentes instrumentos administrativos e orzamentarios.

Oitava. Vixencia

O presente convenio terá unha duración de un (1) ano desde a data da súa sinatura, conforme ao disposto no artigo 49.h) da Lei 40/2015.

Antes da finalización do prazo de vixencia, as partes poderán acordar expresamente a súa prórroga por un período máximo adicional de catro anos.

Novena. Comisión de seguimento

Para o seguimento, interpretación, vixilancia e control da execución do convenio crearase unha Comisión de Seguimento integrada, cando menos, por:

- Ángela María Troitiño Gil, Concelleira de Benestar Social.
- Sara Blanco Gil, educadora social e coordinadora de Servizos Sociais do Concello de Silleda
- Unha persoa representante de Solidaridad Intergeneracional.

A comisión reunirse cando sexa necesario e resolverá as incidencias de interpretación e execución que poidan xurdir.

Décima. Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O transcurso do prazo de vixencia sen acordarse prórroga.
- O acordo unánime das partes asinantes.
- O incumprimento das obrigas asumidas por algunha das partes.
- A imposibilidade sobrevida de executar o obxecto do convenio.
- A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Calquera outra causa prevista no ordenamento xurídico.

No suposto de incumprimento, aplicarase o procedemento previsto no artigo 51 da Lei 40/2015.

Silleda, na data da sinatura electrónica.

*Paula Mª Fernández Pena
Alcaldesa de Silleda*

*Isabel Esteban Martínez
Presidenta de Solidaridad Intergeneracional*

*Déborah García Suárez, aos sos efectos de dar fe
Secretaria Xeral*

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, **ACORDA:**

Primeiro.- Aprobar o Convenio regulador transcrito anteriormente coa ONG Solidaridad Intergeneracional para desenvolver ao longo do ano 2026.

Segundo.- Dar conta desta resolución no próximo Pleno da Corporación que se celebre.

Expediente 494/2024. Legalización de anexo para almacén de apeiros en centro hípico Pazo De Lis Sport Horses

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto que consta no expediente que o día 20 de marzo de 2024 (registro de entrada 2024-E-RE-417), o representante do solicitante presenta solicitude de licenza ou autorización urbanística para “Legalización de anexo para almacén de aperos en centro hípico Pazo de Lis Sport Horses”. Achegase coa solicitude:

- Autorización de representación outorgada por D. Juan Manuel Casares González para D. José Castor Campos Rodríguez.
- “Expediente para legalización de anexo para almacén de aperos en centro hípico Pazo de Lis Sport Horses” asinado polo arquitecto técnico D. J. Castor Campos Rodríguez visado polo Colexio Oficial de Arquitectura Técnica de A Coruña (visado nº 24000684 o 19/03/2024, CVE:95XX9983G515).
- Autoliquidación de taxas (1.065,17 €).
- Xustificante abono de taxas por informe técnico (60 €).
- Notificación acordo Xunta Goberno Local de 14/07/2022.
- Solicitude de Licencia ou Autorización Urbanística para “Expediente para legalización de anexo para almacén de aperos en centro hípico Pazo de Lis Sport Horses”.

Visto que consta no expediente informe do arquitecto municipal de data 28 de novembro de 2025, no que se poñen de manifesto diversas eivas na documentación presentada que deben ser emendadas pola persoa solicitante da licenza. En particular, requírese:

- Certificado de solidez e seguridade.
- Xustificación das cores empregadas segundo a Guía de Cor e Materiais de Galicia.
- Autorizacións sectoriais para a legalización pretendida:

* Servizo de Infraestruturas Agrarias da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, ao abeiro do artigo 36.2 da Lei 2/2016, por atoparse a actuación en solo rústico de protección agropecuaria.

* Axencia Estatal de Seguridade Aérea, por atoparse a actuación na zona de servidume de aproximación do Aeroporto de Santiago de Compostela-Rosalía de Castro.

- Visado da documentación que forme parte do proxecto de execución, de conformidade co Real Decreto 1000/2010, sobre visado colexial obrigatorio.

Visto que consta no expediente que con data 28 de novembro de 2025 dítase requirimento de emenda de deficiencias na tramitación do expediente, ao abeiro do artigo 68.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, concedendo prazo de dez días para a achega da documentación requirida, coa advertencia de que, de non atender o requirimento, podería terse á persoa interesada por desistida da súa petición, previa resolución que así o declarase.

O requirimento foi posto á disposición do representante con rexistro de saída 2025-S-RE-1696, constando a recepción por comparecencia en sede electrónica o día 03/12/2025.

Visto que con data 03/12/2025 preséntase documentación en resposta ao requirimento municipal, mediante rexistro de entrada 2025-E-RE-2189, achegándose, entre outra documentación:

- Certificado de solidez e seguridade.
- Xustificación das cores empregadas segundo a Guía de Cor e Materiais de Galicia.
- Certificado de colexiación do técnico redactor.
- Alta ou presolicitude de autorización ante a Axencia Estatal de Seguridade Aérea.
- Xustificante de envío de documentación para autorización da Consellería do Medio Rural por atoparse a actuación en solo rústico de protección agropecuaria.
- Solicitud PR004A presentada ante a Xunta de Galicia para a obtención do informe ou autorización sectorial de Medio Rural.

Visto que con data 17/12/2025, rexistro de entrada 2025-E-RE-2262, D. José Castor Campos Rodríguez, actuando en representación de PAZO DE LIS SPORT HORSES, S.L., achega ao Concello a documentación recibida da Consellería do Medio Rural, en particular o informe con referencia 2025-3840 / Rx 2025/3371360, emitido por atoparse a actuación en solo rústico de protección agropecuaria.

No informe favorable do Servizo de Infraestruturas Agrarias do Departamento Territorial de Pontevedra da Consellería do Medio Rural, con referencia 2025-3840 / Rx 2025/3371360, emitido en relación coa solicitude de autorización para a legalización de almacén de apeiros no Centro Hípico Pazo de Lis Sport Horses, S.L., dentro da finca 557 do polígono 8 da zona de concentración parcelaria de Moalde, ao abeiro dos artigos 34 e seguintes da Lei 2/2016, do solo de Galicia, faise constar que a concentración parcelaria da zona de Moalde foi declarada de utilidade pública e urxente execución polo Decreto 2400/1966, do 13 de agosto de 1966, e finalizou o 13 de novembro de 1972 coa aprobación da acta de reorganización da propiedade, definíndose como predio de reemprazo a finca 557 do polígono 8.

O informe conclúe favorablemente, dentro das competencias do Servizo de Infraestruturas Agrarias e sempre que a persoa solicitante conte con título suficiente para a súa pretensión, sen prexuízo doutras autorizacións, licenzas ou informes que resulten preceptivos.

Visto que consta no expediente acordo da Axencia Estatal de Seguridade Aérea, expediente E25-4960, asinado con data 27 de xaneiro de 2026, polo que se autoriza o anexo para almacén de apeiros no Centro Hípico Pazo de Lis Sport Horses, ao terse comprobado que o anexo se atopa en terreos afectados polas servidumes aeronáuticas establecidas para o Aeroporto de Santiago-Rosalía de Castro, pero sen vulnerar ningunha das ditas servidumes.

A autorización de AESA queda condicionada a non superar os valores de altura e elevación indicados no propio acordo, incluíndo todos os elementos accesorios ou engadidos sobre o anexo, tales como antenas, pararraios, chemineas, equipos de aire acondicionado, carteis, remates decorativos, iluminación ou calquera outro elemento.

Visto que consta no expediente informe favorable á solicitude de concesión da licenza municipal de obra solicitada, para a legalización de anexo para almacén de apeiros en centro hípico Pazo de Lis Sport Horses, sito no lugar de Lis, parroquia de Moalde, Concello de Silleda, con referencia catastral 36052E508005570000HS, asinado polo arquitecto municipal, Don Lino M. Doporto Framil con data 09/06/2026.

O informe técnico municipal recolle, entre outros extremos, que a actuación se sitúa en solo rústico de protección agropecuaria, cunha superficie construída orixinaria de 1.705,93 m², unha superficie construída da ampliación ou anexo de 165,45 m², e unha superficie construída total de 1.871,38 m².

Así mesmo, o informe técnico municipal conclúe que o proxecto presentado non contradí a normativa urbanística vixente, polo que se informa favorablemente a solicitude de licenza municipal de obra, propoñéndose a súa concesión con arranxo ás limitacións establecidas no propio informe técnico e nos informes sectoriais incorporados ao expediente.

O informe técnico municipal advirte igualmente que, unha vez notificada a licenza, deberá presentarse ante o Concello a correspondente comunicación previa de primeira ocupación e a comunicación previa de inicio de actividade, conforme aos modelos oficiais e acompañadas dos xustificantes de pagamento das taxas correspondentes.

Visto que consta informe xurídico asinado pola secretaria municipal o 08 de xullo de 2026.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldía na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder a **PAZO DE LIS SPORT HORSES, S.L.** licenza urbanística municipal para a legalización de anexo destinado a almacén de apeiros no Centro Hípico Pazo de Lis Sport Horses, situado no lugar de Lis, parroquia de Moalde, Concello de Silleda, con referencia catastral 36052E508005570000HS, de acordo co proxecto técnico redactado por D. José Castor Campos Rodríguez, arquitecto técnico Colexiado nº 2.109 COATAC, visado polo Colexio Oficial da Arquitectura Técnica da Coruña o 19 de marzo de 2024, co número de visado VN24000684 e CVE 95XX9983G515, e coa documentación complementaria incorporada ao expediente e informada favorablemente.

SEGUNDO.- A licenza autoriza exclusivamente a legalización do anexo para almacén de apeiros descrito no proxecto técnico, nos seus anexos e na documentación informada favorablemente, debendo axustarse ao informe técnico municipal de data 9 de xuño de 2026 e ás determinacións derivadas dos informes e autorizacións sectoriais incorporados ao expediente.

TERCEIRO.- A licenza municipal non substitúe nin exime da obtención ou cumprimento de calquera outro título habilitante, autorización, informe, comunicación ou obriga que resulte esixible pola normativa sectorial aplicable.

CUARTO.- A presente licenza ten por obxecto exclusivamente a autorización urbanística da legalización da obra indicada. De acordo co indicado no informe técnico municipal, unha vez notificada a licenza, deberá presentarse ante o Concello a correspondente comunicación previa de primeira ocupación e a comunicación previa de inicio de actividade, conforme aos respectivos modelos oficiais e acompañadas dos xustificantes de pagamento das taxas correspondentes.

QUINTO.- A licenza concédese deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co artigo 350.3 do Regulamento da Lei do solo de Galicia.

SEXTO.- Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais correspondentes para os efectos da comprobación do custo real e efectivo das obras e da práctica, se procede, da correspondente liquidación definitiva do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras e demais tributos municipais aplicables.

SÉTIMO.- Antes da expedición ou plena eficacia do título habilitante deberá comprobarse polos servizos municipais competentes o pagamento das taxas, ICIO e demais tributos municipais que resulten procedentes, tendo en conta que no expediente consta o aboamento da taxa por informe técnico, sen prexuízo da comprobación do pagamento completo das cantidades resultantes das ordenanzas fiscais municipais.

OITAVO.- A legalización urbanística outorgada pola presente licenza non prexulga nin exclúe as responsabilidades urbanísticas ou sancionadoras que, de ser o caso, puidesen derivarse da previa execución das obras sen título habilitante, se procedesen legalmente e non estivesen prescritas ou resoltas.

NOVENO.- Deberá dispoñerse no lugar da actuación de copia autorizada da licenza municipal, e cumprirse, de ser o caso, as obrigas relativas á colocación do cartel identificativo ou demais determinacións previstas no artigo 357 do Regulamento da Lei do solo de Galicia que resulten aplicables.

DÉCIMO.- Notificar o presente acordo á persoa interesada, con indicación de que pon fin á vía administrativa e dos recursos que procedan en dereito.

Expediente 682/2025. Legalización e ampliación de almacén agrícola.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto que consta no expediente que con data 16/04/2025 (registro de entrada 2025-E-RE-631), se presenta solicitude de licenza municipal de obra para a legalización e ampliación dun almacén agrícola. Achégase coa solicitude:

- Autorización de Don Alberto Vázquez Gulias con DNI 76.8*****-V a favor de Dona Vanessa González Cachafeiro con DNI 77.**** Z *“PARA LA PRESENTACIÓN TELEMÁTICA Y TRAMITACIÓN ANTE EL CONCELLO DE SILLEDA, DEL PROYECTO PARA LEGALIZACIÓN Y AMPLIACIÓN DE ALMACÉN DE USO AGRÍCOLA SITUADO E EL LUGAR DE MOURELOS, PARROQUIA DE SILLEDA, AYUNTAMIENTO DE SILLEDA”*.

- Copia simple de escritura de compravenda outorgada ante o notario de Silleda, Don Manuel Barros Gallego, o 25 de maio de 2017, número 586 do seu protocolo.

- Proxecto nomeado *“Proyecto para la legalización y ampliación de almacén agrícola”* no lugar de Mourelos, parroquia de Mourelos, referencia catastral 36052K505004540000ET, Concello de Silleda, asinado por Dona Vanessa González Cachafeiro, Ingeniera Técnica Agrícola nº CGDA 1871 COITA A Coruña-Pontevedra, visado o 16 de abril de 2025 nº de visado 20250307.

- Documento nomeado *“Compromiso de ejecución dos servizos e de inscrición no Rexistro da*

Propiedade. (Artigo 39 da Lei 2/2016, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia) ” asinado por Don Alberto Vázquez Gulías.

Visto que consta no expediente resolución da Axencia Estatal de Seguridade Aérea pola que se formula a declaración co código AESASRVAISA000KTG18S6C6V9A3DA, autorizando o almacén agrícola sempre que se cumpran as determinacións que AESA establece na propia resolución (Rexistro de entrada nº 2025-E-RC-2382 de 06 de xuño de 2025).

Visto que consta no expediente que con data 30/07/2025 (rexistro de entrada 2025-E-RE-1428), se achega a seguinte documentación:

- Autorización de Don Alberto Vázquez Gulías con DNI 76.*** a favor de Dona Vanessa González Cachafeiro con DNI 77.***-Z “*PARA LA PRESENTACIÓN TELEMÁTICA Y TRAMITACIÓN ANTE EL CONCELLO DE SILLEDA, DEL PROYECTO PARA LEGALIZACIÓN Y AMPLIACIÓN DE ALMACÉN DE USO AGRÍCOLA SITUADO E EL LUGAR DE MOURELOS, PARROQUIA DE SILLEDA, AYUNTAMIENTO DE SILLEDA*”.

- Xustificante de ingreso en efectivo do pago da taxa da licenza exp. 682/2025 de 278,05 €.

Visto que consta no expediente que con data 13/10/2025 (rexistro de entrada 2025-E-RE-1873), se achega a seguinte documentación:

- Autorización de Don Alberto Vázquez Gulías con DNI 76***V a favor de Dona Vanessa González Cachafeiro con DNI 77.***-Z “*PARA LA PRESENTACIÓN TELEMÁTICA Y TRAMITACIÓN ANTE EL CONCELLO DE SILLEDA, DEL PROYECTO PARA LEGALIZACIÓN Y AMPLIACIÓN DE ALMACÉN DE USO AGRÍCOLA SITUADO E EL LUGAR DE MOURELOS, PARROQUIA DE SILLEDA, AYUNTAMIENTO DE SILLEDA*”.

- Documento nomeado “*ANEXO I A POYECTO PARA LA LEGALIZACIÓN Y AMPLIACIÓN DE ALMACÉN AGRÍCOLA*” asinado por Dona Vanessa González Cachafeiro, Ingeniera Técnica Agrícola nº CGDA 1871 COITA A Coruña-Pontevedra, visado o 10 de outubro de 2025 nº de visado 20250307-1.A.

- Comunicación previa de obra para “*legalización e ampliación de almacén agrícola*” asinada por Don Alberto Vázquez Gulías o 13 de outubro de 2025.

- Nomeamento para a dirección, inspección e vixilancia das obras a realizar en el lugar de MOURELOS, (PQ) SILLEDA (AYTO) SILLEDA, segundo o proxecto redactado por D^a VANESSA GONZALEZ CACHAFEIRO, consistente en “*LEGALIZACIÓN Y AMPLIACIÓN DE ALMACÉN AGRÍCOLA*” a favor do Enxeñeiro Técnico Agrícola, adscrito no Colexio Oficial de Ingenieros Técnicos Agrícolas de A Coruña-Pontevedra, D^a VANESSA GONZALEZ CACHAFEIRO, colexiada número 1.871, con despacho profesional na Calle Calzada Nº5- Lalín (Pontevedra).

- Nomeamento de coordinador de seguridade e saúde a favor de D^a VANESSA GONZALEZ CACHAFEIRO, colexiada número 1.871, con despacho profesional na Calle Calzada N°5- Lalín (Pontevedra).

- Xustificante de ingreso en efectivo do pago da taxa da licenza exp. 682/2025 de 278,05 €.

- Autorización con CVE: WCIM9nRtCP97 do Servizo de Infraestruturas Agrarias da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Rural, ao abeiro do sinalado no artigo 36.2 da Lei do Solo por encontrarse en solo rústico de Protección Agropecuaria.

Visto que consta no expediente informe emitido con data 12 de decembro de 2025 polo arquitecto municipal, D. Iván Rivas Rico, no que se poñen de manifesto diversas eivas na documentación presentada que deben ser emendadas pola persoa solicitante da licenza.

Visto que o día 15/12/2025 realízase requirimento con rexistro de saída 2025-S-RE-1734.

Visto que consta no expediente que con data 18/02/2026 (rexistro de entrada 2026-E-RE-235), se achega a seguinte documentación:

- Autorización de Don Alberto Vázquez Gulías con DNI 76.****a favor de Dona Vanessa González Cachafeiro con DNI 77****PARA LA PRESENTACIÓN TELEMÁTICA Y TRAMITACIÓN ANTE EL CONCELO DE SILLEDA, DEL PROYECTO PARA LEGALIZACIÓN Y AMPLIACIÓN DE ALMACÉN DE USO AGRÍCOLA SITUADO E EL LUGAR DE MOURELOS, PARROQUIA DE SILLEDA, AYUNTAMIENTO DE SILLEDA*".

- Documento nomeado *"ANEXO II A POYECTO PARA LA LEGALIZACIÓN Y AMPLIACIÓN DE ALMACÉN AGRÍCOLA"* asinado por Dona Vanessa González Cachafeiro, Ingeniera Técnica Agrícola nº CGDA 1871 COITA A Coruña-Pontevedra, visado o 11 de febreiro de 2026 nº de visado 20250307-2.A.

- Documento asinado por Don Alberto Vázquez Gulías o 18 de febreiro de 2026 no que se recolle o seguinte:

*"ALBERTO VÁZQUEZ GULÍAS con DNI 76***V domicilio en el lugar de Mourelos nº13, Parroquia de Silleda, Ayuntamiento de Silleda, comparece y como mejor proceda en Derecho*

EXPONE:

Primero.- *Que se ha presentado ante este Ayuntamiento proyecto técnico de LEGALIZACIÓN Y AMPLIACIÓN DE ALMACÉN AGRÍCOLA situado en en el lugar de Mourelos, parroquia de Silleda, Ayuntamiento de Silleda en la parcela con referencia catastral 36052K505004540000ET (polígono*

505 parcela 4547), redactado por la Ingeniera Técnica Agrícola Doña Vanessa González Cachafeiro, D.N.I 77.***, colegiada nº 1871 del Colegio Oficial de Ingenieros Técnicos Agrícolas de A Coruña- Pontevedra. , cuyo objeto es la regularización urbanística de la edificación existente y la ampliación de la misma para destinarla exclusivamente al almacenamiento de aperos agrícolas, leña y productos de la huerta para autoconsumo.

Segundo.- Que el uso previsto del inmueble es exclusivamente el de almacén agrícola, destinado al almacenamiento de aperos agrícolas, leña y productos de la huerta para autoconsumo.

Tercero.- Que en el interior de la edificación no se desarrollará actividad productiva, industrial, comercial ni de transformación alguna, ni existirá atención al público, ni procesos de elaboración, manipulación o prestación de servicios, limitándose su uso al mero almacenamiento.

Cuarto.- Que, de conformidad con la normativa urbanística y sectorial de aplicación, la obligación de presentar comunicación de apertura/ inicio actividad procede cuando se implanta o ejerce una actividad económica o profesional sujeta a control administrativo, circunstancia que no concurre en el presente caso, al no desarrollarse actividad propiamente dicha en el interior del inmueble, sino un uso accesorio y auxiliar vinculado a la explotación agrícola .

Por todo lo expuesto,

SOLICITA:

Que se tenga por presentado este escrito y, previos los trámites oportunos, se declare que no resulta exigible la presentación de comunicación de apertura/ inicio actividad para el proyecto de legalización y ampliación de almacén agrícola descrito, al no desarrollarse en su interior actividad sujeta a dicho régimen de intervención administrativa así como tampoco corresponde el pago de la tasa por apertura/ inicio actividad (tasa por actividades sometidas a declaración responsable) requeridas en informe técnico municipal de fecha 15/12/2026.”

Visto que consta no expediente **informe favorable** á solicitude de concesión da licenza municipal de obra solicitada, para a legalización e ampliación de almacén agrícola sito no lugar de Mourelos, Parroquia de Mourelos, Concello de Silleda, con referencia catastral 36052K505004540000ET asinado polo arquitecto municipal, Lino M Doporto Framil, de data 13/05/2026.

O informe favorable do arquitecto técnico recolle a seguinte conclusión:

“En conclusión, o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se **INFORMA FAVORABLEMENTE** a solicitude de concesión da licenza de Licenza municipal de obra solicitada, dende o punto de vista técnico, e proponse para a concesión de licencia municipal de obra, con arreglo ás limitacións que se establecen neste informe técnico e nos informes sectoriais sinalados nos puntos 33 e 34 deste

informe e que constan no expediente LU.- Legalización e ampliación de almacén agrícola, nº 682/2025, se ben para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa de inicio de actividade posteriormente á comunicación previa de fin de obra, conforme aos respectivos modelos oficiais.

De acordo có artigo Artigo 357, Resolución, do RLSG, “Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente”.

Visto que consta no expediente informe xurídico asinado pola secretaria municipal o 06 de xullo de 2026.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldía na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder a D. **Alberto Vázquez Gulías** licenza urbanística municipal para a legalización e ampliación dun almacén agrícola situado no lugar de Mourellos, parroquia de Silleda, Concello de Silleda, con referencia catastral **36052K505004540000ET**, de acordo co proxecto técnico redactado por D.^a Vanessa González Cachafeiro, enxeñeira técnica agrícola colexiada n.º 1871 do COITA A Coruña-Pontevedra, visado o 16 de abril de 2025 co n.º 20250307, e cos anexos e documentación complementaria incorporados ao expediente e informados favorablemente.

SEGUNDO.- A licenza autoriza exclusivamente as actuacións descritas no proxecto técnico, nos seus anexos e na documentación informada favorablemente, debendo executarse con suxeición ao informe técnico municipal e ás determinacións derivadas dos informes e autorizacións sectoriais incorporados ao expediente.

TERCEIRO.- A licenza municipal non substitúe nin exime da obtención ou cumprimento de calquera outro título habilitante, autorización, informe, comunicación ou obriga que resulte esixible pola normativa sectorial aplicable.

CUARTO.- A presente licenza ten por obxecto exclusivamente a autorización urbanística das obras indicadas. Sen prexuízo do manifestado pola persoa interesada no seu escrito de 18 de febreiro de 2026, e de acordo co indicado no informe técnico municipal, con carácter previo ao exercicio efectivo de calquera actividade sometida a intervención administrativa deberá presentarse a correspondente comunicación previa ou declaración responsable de inicio de actividade ou apertura do establecemento, nos termos previstos na Lei 9/2013, do 19 de decembro, no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, e demais normativa de aplicación.

QUINTO.- A licenza concédese deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co artigo 350.3 do Regulamento da Lei do solo de Galicia.

SEXTO.- Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais correspondentes para os efectos da comprobación do custo real e efectivo das obras e da práctica, se procede, da correspondente liquidación definitiva do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras e demais tributos municipais aplicables.

SÉTIMO.- Durante a execución das obras deberá dispoñerse no lugar da obra de copia autorizada da licenza municipal e cumprirse, de ser o caso, as obrigas relativas á colocación do cartel identificativo da obra, nos termos previstos no artigo 357 do Regulamento da Lei do solo de Galicia.

OITAVO.- Notificar o presente acordo á persoa interesada, con indicación de que pon fin á vía administrativa e dos recursos que procedan en dereito.

Expediente 687/2026. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LABORES DE VIXILANCIA, DEFENSA E PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS NO CONCELLO DE SILLEDA PARA O ANO 2026

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o convenio de colaboración asinado coa Consellería de Medio Rural para a realización de acción de prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2025-2026 cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de desenvolvemento rural (FEADER) no marco do Plan Estratéxico da Política Agraria Común (PEPAC) 2023- 2027 no que o Concello comprométese a desenvolver as actuacións de vixilancia, defensa e prevención contra incendios forestais a través de brigada.

Vistos os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e os Pregos de Prescricións Técnicas que constan no expediente

Visto o informe xurídico asinado o 21 de maio de 2026

Visto o informe de intervención asinado o 21 de maio de 2026

Visto o documento contable RC polo que se procede á retención de gasto na aplicación con código 2026.1360.22799 por importe de 51.281,68 €

Vista a acta final da mesa de contratación que se transcribe a continuación:

“EXPEDIENTE: 687/2026

ASUNTO: CONTRATO DE SERVICIOS DENOMINADO “**CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LABORES DE VIXILANCIA, DEFENSA E PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS NO CONCELLO DE SILLEDA PARA O ANO 2026**”.

Na casa consistorial do Concello de Silleda, o 08 de xullo de 2026 cando son as 09:00 horas,

Tipo de contrato: Contrato de servizos.

Forma de adxudicación: Procedemento aberto simplificado.

Obxecto do contrato: CONTRATO DE SERVICIOS DENOMINADO “**CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LABORES DE VIXILANCIA, DEFENSA E PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS NO CONCELLO DE SILLEDA PARA O ANO 2026**”.

Membros asistentes:

PRESIDENTE

D. Paula M^a Fernández Pena, Alcaldesa.

VOCAIS

D. Déborah García Suárez, secretaria da Corporación.

D. Leopoldo Moure Dopico, interventor da Corporación, (asiste de maneira telemática).

D. Juan Carlos Peteiro Rodríguez, AEDL da Corporación.

SECRETARIO

D. David García Lareo, administrativo da Corporación.

Na sesión celebrada o día 15 de xuño de 2026, a Mesa de Contratación, válidamente constituída, procedeu ao exame das proposicións presentadas no procedemento.

Consta presentada, dentro do prazo establecido, a seguinte proposición:

DENOMINACIÓN SOCIAL	CIF
EULEN, S.A.	A28517308

Non formulándose reclamación ningunha no dito acto, procédese á apertura do Sobre A, comprensivo da declaración responsable e da oferta correspondente aos criterios avaliábles mediante xuízo de valor.

Examinada e cualificada a documentación administrativa achegada pola empresa licitadora no referido sobre, a Mesa non aprecia defectos ou omisións que impidan a súa admisión.

En consecuencia, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros, acordaba declarar **admitida á licitación** a seguinte proposición:

DENOMINACIÓN SOCIAL	CIF
----------------------------	------------

EULEN, S.A.

A28517308

Comprobado que o Sobre A contén a documentación técnica relativa aos criterios avaliáveis mediante xuízo de valor, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros, acordaba a súa remisión ao servizo municipal correspondente, para que se emita informe auxiliar de valoración no prazo máximo de sete días.

Unha vez realizada a valoración dos criterios suxeitos a xuízo de valor, consta incorporado ao expediente núm. 687/2026 informe auxiliar emitido por funcionaria municipal allea á Mesa de Contratación, á vista da documentación presentada pola empresa licitadora e dos criterios previstos nos pregos.

A Mesa toma razón do seu contido e, non apreciándose neste acto erro material manifesto, contradición interna ou desviación evidente respecto dos pregos, deixa constancia da puntuación que resulta do referido informe, para os efectos da continuación do procedemento, nos seguintes termos:

“...EXPEDIENTE N.º 687/2026

Contrato de servizos: labores de vixilancia, defensa e prevención de incendios forestais

OBXECTO DO INFORME

Este informe ten por obxecto valorar, conforme ao establecido no apartado 8 do Anexo I do PCAP, os criterios avaliáveis mediante xuízo de valor correspondentes á oferta técnica presentada pola empresa Grupo EULEN, S.A. **con CIF:A28517308**, no marco do procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de labores de vixilancia, defensa e prevención de incendios forestais no Concello de Silleda, para o ano 2026.

VALORACIÓN TÉCNICA

Criterio técnico avaliable mediante xuízo de valor	Máx. puntos	Valoración	Xustificación
1. Protocolo de xestión da prestación do servizo	8	7,0	Proposta ben estruturada, con descrición detallada de funcións e cualificación do persoal, así como planificación diaria e formación inicial.
2. Protocolo de seguimento do servizo	5	4,5	Prevese inspección inicial, control quincenal por técnico especializado e informes periódicos; aberta liña de Comunicación

			permanente co DF XVI
3. Coordinación interna da empresa co Concello	5	4,5	Comunicación diaria dos traballos mediante partes estandarizados. Contacto permanente co Concello , Comunicación semanal da evolución dos traballos preventivos. Visitas periódicas ao centro de traballo, reunións co Concello.
4. Protocolo ante situacións excepcionais ou emerxencias	4	3,5	Establecerá un protocolo de funcionamento ante emerxencias, co fin de atender de xeito inmediato calquera incidencia
5. Programación e calendarización do servizo	3	2,5	Organizada segundo as necesidades do servizo; os traballos están programados en 4 fases: Traballos previos ao inicio do Servizo, traballos ao inicio do Servizo, traballos durante o servizo e traballos á finalización do servizo.

PUNTUACIÓN TOTAL OBTIDA: 22 puntos sobre 25

INFORMO

A oferta técnica presentada por Grupo EULEN, S.A. acada unha valoración moi satisfactoria, con propostas ben fundamentadas e adaptadas aos requisitos técnicos e organizativos do servizo. A empresa demostra solvencia, experiencia e capacidade operativa para desenvolver adecuadamente o servizo obxecto do contrato.

O resultado da valoración técnica é de 22 puntos sobre 25, quedando a súa oferta en posición favorable para continuar o proceso de avaliación e posible adxudicación.”

Así, a puntuación total do contido do SOBRE A da seguinte maneira:

DENOMINACIÓN SOCIAL	PUNTUACIÓN XUÍZOS DE VALOR
EULEN, S.A. A28517308	22

Finalizada a sesión na que se valoraba os criterios suxeitos a xuízo de valor, tendo en conta a necesidade de contratar na maior brevidade posible o servizo de labores de vixilancia, defensa e prevención de incendios forestais, procédese a dar apertura ó SOBRE B que contén a oferta de criterios avaliábles en cifras ou porcentaxes. A apertura ten lugar o día 22 de xuño cando son as

12:58 co seguinte resultado:

LICITADOR	PRECIO SEN IVE	IVE	PRECIO TOTAL	MELLORA ELABORACIÓN DUNHA MEMORIA DAS ACTUACIÓNS
EULEN, S.A. A28517308	41.500,00 €	8.715,00 €	50.215,00 €	Sí

Aplicada a fórmula para avaliar os criterios de adjudicación, a puntuación obtida polos licitadores é a seguinte:

LICITADOR	PUNTUACIÓN POLO PREZO OFERTADO	PUNTUACIÓN OFERTA MELLORA	PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE B
EULEN, S.A. A28517308	12,01	17,27	29,28

Tendo en conta a valoración dos criterios suxeitos a xuízos de valor que realizou a mesa de contratación en base ó informe que obra no expediente, as PUNTUACIÓNS FINAIS quedan da seguinte maneira:

LICITADOR	PUNTUACIÓN SOBRE A	PUNTUACIÓN SOBRE B	PUNTUACIÓN TOTAL
EULEN, S.A. A28517308	22	29,28	51,28

Non existindo máis ofertas que a presentada por **EULEN, S.A.**, non procede a clasificación por orde decrecente das ofertas, polo que, tras o exposto anteriormente, a mesa por unanimidade dos membros presentes, na sesión celebrada o 26 de xuño de 2026, acordou requirir á licitadora a **EULEN, S.A.** con **N.I.F. A28517308**, por ser a oferta máis vantaxosa das presentadas para a licitación do contrato de servizos denominado “**CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LABORES DE VIXILANCIA, DEFENSA E PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS NO CONCELLO DE SILLEDA PARA O ANO 2026**”, para que, dentro do prazo de **7 días hábiles**, a contar dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación que se relaciona na Cláusula 27 do PCAP, ó igual que a constitución da garantía definitiva que se recolle na Cláusula 21 do PCAP e o punto 25 do Anexo I do mesmo prego, ademais da documentación referida ás pólizas de seguros que se recollen no punto 20 do Anexo I do PCAP.

De non ter aportado o **Anexo A** do PCAP (modelo de declaración responsable relativa ao cumprimento das obrigas en materia de protección de datos) no momento da licitación, deberá presentar este modelo asinado antes da formalización do contrato.

Con data 26 de xuño de 2026, Rexistro de Saída n.º 2026-S-RE-858, requírese a citada documentación a EULEN, S.A., a cal preséntase en data 01 de xullo de 2026, con rexistro de entrada neste Concello n.º 2026-E-RE-1222.

Comprobada a citada documentación a Mesa de Contratación, en sesión celebrada o 01 de xullo de 2026, acordou:

“Primeiro.- Solicitar ó licitador para que, no prazo de 3 días hábiles, aporte a seguinte documentación:

- Documentación xustificativa de que se dispón efectivamente dos medios que se houbese comprometido a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 76.2 LCSP. (Punto 4 do PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS).
- Acreditación do cumprimento das condicións especiais de execución. (Punto 13 do Anexo I do PCAP).
- Escritura ou documento de constitución, os estatutos ou acto fundacional nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro Público que corresponda segundo o tipo de persoa xurídica da que se trate, así como o Número de Identificación Fiscal (NIF). (Cláusula 27 punto 1.1. do PCAP)”

Con data 01 de xullo de 2026, Rexistro de Saída n.º 2026-S-RE-900, requírese a citada documentación a EULEN, S.A., a cal preséntase en data 07 de xullo de 2026, con rexistro de entrada neste Concello n.º 2026-E-RE-1282.

A Mesa de Contratación presta a súa conformidade coa documentación presentada e PROPÓN Ó ÓRGANO DE CONTRATACIÓN COMO EMPRESA ADXUDICATARIA do contrato de servizos denominado “CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LABORES DE VIXILANCIA, DEFENSA E PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS NO CONCELLO DE SILLEDA PARA O ANO 2026” a:

- EULEN, S.A. con N.I.F. A28517308 por ser a oferta máis vantaxosa.

A presidenta da por rematada a reunión ás 09:20 horas e, para que quede constancia do tratado, eu, o secretario, redacto a acta, que someto á sinatura da presidenta, e dou fe.

VºBº.

O Secretario

A Presidenta

David García Lareo

Paula M^a Fernández Pena

Visto o informe fase D asinado o 09 de xullo de 2026.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Aceptar a proposta da Mesa de Contratación e adxudicar á licitadora **EULEN, S.A.** con N.I.F. **A28517308**, por ser a oferta máis vantaxosa das presentadas para a licitación, o contrato de servizos denominado **“CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LABORES DE VIXILANCIA, DEFENSA E PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS NO CONCELLO DE SILLEDA PARA O ANO 2026”** por importe de 41.500,00 euros, ao que corresponde por IVE a contía de 8.715,00 euros, totalizándose a oferta en **50.215,00 euros**.

Comprometéndose a realización da mellora postestativa recollida no PCAP sobre a elaboración dunha memoria das actuacións en materia de prevención de incendios dos traballos realizados ao finalizar os servizos contratados.

A memoria de actuación do cumprimento das condicións impostas no convenio, con indicación das actuacións realizadas en materia preventiva e da súa incidencia económica, incluírá:

- O detalle das superficies obxecto da actuación, que estará no PAP aprobado.
- O detalle das parcelas obxecto de investigación da rede de faixas secundarias de xestión de biomasa forestal, que estarán previstas no PAP aprobado.

SEGUNDO.- Dispor o gasto por importe de **50.215,00** euros con cargo á aplicación 1360.22799 do orzamento para o exercicio 2026.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo aos interesados no expediente administrativo, de conformidade co disposto no artigo 155 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público -LCSP 2017 e a **EULEN, S.A.** con N.I.F. **A28517308**, adxudicataria do contrato, indicarlle:

-que a formalización do contrato terá lugar nun prazo máximo de 15 días.

CUARTO.- Publicar a formalización do contrato no Perfil do Contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

Concello de Silleda

C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE